



INSTRUCCIÓN EN MATERÍA DE VACACIÓNS CO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO

Ao persoal ao servizo das oficinas de turismo resúltalle de aplicación un réxime diverso en materia de vacacións segundo o vínculo que manteñen coa Axencia Turismo de Galicia. Principalmente a Resolución do 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas, o Convenio da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e Convenio do Sector de Oficinas e Despachos da Coruña.

Independentemente das previsións específicas de cada unha destas regulacións o denominador común de todos eles é que as vacacións se gozarán nos termos previstos Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, que establece no seu artigo 38 que o período ou períodos de goce fíxanse de común acordo entre o empresario e os/as traballador/es, de conformidade co establecido nos convenios colectivos sobre planificación anual das vacacións.

Resultando por tanto indiscutible a necesidade de concorrencia de acordo co persoal que presta servizos nas oficinas de turismo en materia de vacacións, de xeito especial nestes anos previos de preparación do Ano Santo do 2021, e tendo en conta que os meses de xullo e agosto son os de maior afluencia turística; cómpre por unha banda determinar por necesidades de servizo que a metade das vacacións do persoal afectado non se gozarán neste meses e por outra que para o resto do período de goce (a outra metade), ofrécéselle ao persoal que as solicite fóra dos meses sinalados un período adicional de tres días laborables.

Por todo o sinalado, oído/a o persoal das diferentes oficinas de turismo,

DISPOÑO:

1. Por necesidades de servizo, durante o **ano 2019** o persoal que presta servizos nas Oficinas de Turismo de Galicia (A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) **non poderá gozar a metade das súas vacacións regulamentarias durante os meses de xullo e agosto.**





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

A necesidade de servizo que fundamenta esta medida é a previsión dun importante incremento do volume de usuarios e usuarias nestas dependencias nestes meses, sobre todo pola incidencia que terán as labores de promoción do Xacobeo 2021.

2. Polo que respecta a outra metade das vacacións regulamentarias, ante o interese da Axencia de contar con todo o persoal nos meses indicados, ofrécese un incremento adicional dos días de vacacións **de tres días laborables**, tamén a gozar fóra do período sinalado, para aquel persoal que as solicite fóra dos meses de xullo e agosto, os dous incluídos.

Estes días adicionais, de ser o caso, xustificárase mediante autorización expresa no programa de control horario KRHONOS.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2019

A directora de Turismo.

Nava Castro Domínguez



Xacobeo 2021